

Mensaxe ás familias e ó alumnado

Estimadas familias e queridos alumnos e alumnas:

Agradecemos moito o esforzo que estades facendo para tratar de manter entre todos certa normalidade dende a suspensión das clases. **Ánimo, xa queda menos...**

A Comunidade Educativa do IES de Ribadeo Dionisio Gamallo tamén traballamos cada día por e para o noso alumnado e queremos informar do seguinte:

- Estamos **esperando ter instrucións oficiais respecto á 3ª avaliación**. En canto as teñamos, poñerémolas na páxina web.
- Todo o profesorado está **facilitando material a través das plataformas** EDIXGAL, Aula Virtual, ABALAR, Blogs ou correo electrónico. No caso de non ser así, por favor, facédenolo saber.
- Estamos **ofrecendo clases virtuais** dalgunhas materias a través da aplicación Webex, Aula virtual, Skype ou Videochamadas.
- Estamos **resolvendo cada día problemas de contrasinais e accesos** ás distintas plataformas. Se aínda detectades algún, poñédevos en contacto con nós.
- Enviamos **Mensateks ás familias de alumnado “desaparecido”** en distintas materias. Non se trata de fiscalizar o traballo pero si de que vostedes e os seus fillos e as súas fillas saiban que, **se queren, dispoñen de materiais para manter o ritmo de traballo**.
- Moit@s profesor@s están comunicándose co alumnado por distintos medios para axudarlles académica e psicolóxicamente.
- Creamos uns **grupos de correo de profesor@s por grupo** para tratar de coordinarnos así como detectar e resolver posibles problemas.
- Para facer a **orientación académica do alumnado dos cursos superiores**, a orientadora está ou estará en contacto co alumnado, en principio, a través do correo electrónico. De ser necesario valoraranse outras posibilidades.
- A orientadora e as profesoras de apoio (PT e AL) **están contactando co alumnado que acode as aulas de apoio** para interesarse polo seu estado e facilitarlles material para traballar.
- Desde orientación tamén se contactou cos **Servizos Sociais da zona**, para interesarse polo alumnado con maiores dificultades a nivel familiar, social e económico así como para ofrecer a nosa colaboración.
- **Cancelamos** a primeira semana a **excursión de 4º ESO de final de curso** para asegurar que perdían a contía económica menor posible. Estamos chamando a tódalas casas para informar e faremos as transferencias bancarias para devolver os cartos en canto sexa posible. O mesmo coas familias afectadas pola excursión de París, que xa cancelamos antes da suspensión das clases.
- Dende o luns solicitamos dende o centro, previa chamada, **Axuda para 89 familias que dispoñían de comedor gratuíto ou semigratuíto**.

- **Recibimos e entregamos 3 ordenadores con conexión gratuíta a internet** ata que remate o curso. Os criterios de reparto, *tal e como viña establecido na convocatoria*, tiveron en conta a situación socioeconómica da familia e as posibilidades de aproveitamento do alumnado, dando prioridade ao alumnado dos cursos de final de etapa que titulen (4º da ESO, 2º de BACH e 2º FP) e a aquelas familias que non dispoñían nos seus fogares de ordenador nin de conexión a internet.

- Tamén nos deron permiso para **cederlles ás familias, en réxime de préstamo, algún dos equipos informáticos existentes no centro**, tendo en conta a situación socioeconómica da familia, os medios que teñen dispoñibles e as posibilidades de aproveitamento do alumnado. Repartíronse xa tres pero se algunha familia se atopa nestas circunstancias que se poña en contacto co centro, que **buscaremos unha solución**.

Estamos a piques das vacacións de Semana Santa que este ano, máis ca nunca, **tanto as familias coma o alumnado e o profesorado debemos respectar**. Tod@s estamos facendo un esforzo grande ante esta nova situación e **é necesario desconectar e cargar pilas para retomar con forza a volta virtual despois de S.Santa e así tratar, entre todos, de afrontar a terceira avaliación e acadar os obxectivos mínimos do curso**. Quizá esta mensaxe sexa especialmente importante para o **alumnado de 2º de bacharelato**, ao que lle recomendamos aproveitar para **descansar**, volver preparados para o último esforzo e poder chegar en forma á ABAU. **Nos vos preocupedes, estamos con vós e axudaremos todo o que poidamos para rematar ben o curso**.

Felices vacacións, mil grazas polo esforzo e moita saúde.

O Equipo Directivo e Claustro de Profesorado do IES de Ribadeo Dionisio Gamallo